



## Concello de Pedrafita do Cebreiro

---

### BANDO

**José Luis Raposo Magdalena, Alcalde-Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro,**

**Fai Saber:**

**Nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa será obrigatorio,** de acordo co artigo 21 da Lei 3/2007, para **as persoas responsables de xestionar a biomasa vexetal,** de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, **nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable,** arredor de edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques, instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a mais de 400 metros do monte. Con carácter xeral, na mesma franxa dos **50 metros mencionada non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira, como son o eucalipto ou varias variedades de pino, mimosa, acacia negra, xesta, fento, silva, toxo** entre outras. **Estes requisitos deberán cumprirse antes de que remate o mes de maio de cada ano.**

**Polo mesmo dispoñen ata o 31 de MAIO do 2021 para o cumprimento voluntario da súa obriga para xestionar a biomasa nas parcelas afectadas polas redes secundarias de faixas.**

En caso de incumprimento transcorrido o devandito prazo, o Concello poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos da xestión da biomasa e se é o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola administración, nas condicións establecidas no artigo 22.2 da Lei 3/2007, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda. A persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento terá a obriga legal de facilitar o necesario acceso para a realización dos traballos de xestión de biomasa e retirada as especies arbóreas prohibidas.

No caso de proceder a execución subsidiaria, O Concello procederá á liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar, coa advertencia de que se procederá a súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumprimento, unha vez transcorrido o prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados os traballos, de ser o caso.

---

**Concello de Pedrafita do Cebreiro**


Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150





## Concello de Pedrafita do Cebreiro

### NÚCLEO DE ACTUACIÓN DE PEDRAFITA :



**- AS ZONAS EN COR VERDE SON AS FRANXAS QUE DEBERÁN PERMANECER LIMPAS (50 metros ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, non poderá haber árbores das especies como son o eucalipto ou varias variedades de pino, mimosa, acacia negra, xesta, fento, silva, toxo, entre outras.**

No caso de dúbida poden chamar ao teléfono do Concello: (982)367103

En Pedrafita do Cebreiro, na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde-Presidente

Concello de Pedrafita do Cebreiro

Plza. de España, 2, Pedrafita do Cebreiro. 27670 (Lugo). Tfno. 982367103. Fax: 982367150



Cod. Validación: 52CN77SGTQ3TT3GMD9RHF-CW9C | Corrección: <https://concellopedrafita.docebreiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2